

7



Ponte de San Fernando



No estribo esquierdo da antiga **ponte de San Fernando**, arrastrada polo río en **1959**, sitúase un miradoiro desde o que contemplar lugares senlleiros da vila, coma o **Porto da Barca**, as casas penduradas das **rúas Real e de San Roque** ou o **Camiño Real**, que desemboca no **Malecón**.

8



Camiño de Inverno



O **Camiño de Inverno**, alternativa xacobeira para evitar os montes nevados do Cebreiro nas épocas más duras do ano, coincide no seu paso por O Barco co antigo **Camiño Real**. Quen fai a peregrinación pode gozar da zona vella e o Malecón e continuar a ruta cara a Compostela.




Percorrido urbano

PASEA O BARCO

Coñece O Barco paseando polos seus recantos máis singulares

#PaseaOBarco



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

Queda en
Valdeorras

TURISMO O BARCO

www.quedaenvaldeorras.com

1



Malecón da Arte



O **Malecón** é un espazo para o encontro e o goce cultural. É o lugar onde a xente do Barco de Valdeorras e quen visita a vila pode sentir o pulso do río Sil, disfrutar do tempo de lecer e admirar as obras de arte que acolle ao longo do seu percorrido.

2



O Primeiro Malecón



O **Malecón Vello** nace en **1961** sobre o recheo que protexía a zona contra as riadas. Desde o seu primeiro tramo, entre a desembocadura do río Cigüeño e o **Casino**, foi medrando ata converterse hoxe en día no epicentro da vida local.

3



A praza Maior



A **praza Maior** ábrese ao Sil cun balcón desde o que se divisa o **Porto da Barca**, antigo punto de embarque para o transporte entre as dúas beiras do río. Cara ao outro lado, contemplamos dous dos edificios senlleiros da zona antiga: a **igrexa de San Mauro** e o **Casino Vello**.

5



Xardíns da Casa Grande



Os **xardíns da Casa Grande**, acondicionados nos anos noventa do século XX, albergan unha gran cantidade de especies arbóreas, tanto autóctonas coma foráneas. É un espazo verde para que a xente do Barco goce do seu tempo de lecer.

4



Pasarela da Capitana



As **rúas Real, de San Roque e de San Mauro ou Escura** forman a zona antiga do Barco, que se foi configurando ao longo da calzada de orixe romana e que era o centro económico e social do Barco e dos arredores. Pola **pasarela da Capitana** pódese cruzar o río cara a Viloira.

6



Praza de Viloira



A **praza de Ramón Otero Pedraio** é o corazón de Viloira. Neste punto atopamos a **Casa Grande**, con más de catro séculos de historia, e a **"Casa de Pepiño"**. Neste punto de encontro celébrase o día 6 de cada mes a feira, na que é obriga tomar unha tapa de polbo.